

Unidade 10 - Repaso

Medios de comunicación

Anuncio Texto con imaxes en que se anuncia algo.

Autor/a Persoa que escribe ou inventa algo.

Imprenta Taller onde se imprimen xornais, revistas, libros, calendarios...

Reescribir Volver escribir o que xa está escrito para melloralo.

Copia Reprodución dunha publicación.

Maquetaxe Deseño dunha páxina.

Marxe Bordo branco nunha páxina.

Artigo de opinión Texto cunha opinión dun ou dunha xornalista sobre un tema.

Editor/a Persoa que edita ou adapta un texto.

Eliminar Quitar algo dun texto.



Diálogo dunha novela

RESUMO

As abellas son vitais para os ecosistemas, pero están en perigo de extinción por diversas causas, entre elas, a presenza da avespa asiática.

PALABRAS DIFÍCILES

cría, aparearse, diversas



Expresarnos para cooperar

Cando contamos un texto a outros e axudamos a que o comprendan, estamos mediando. **Mediar** é poñernos entre dúas partes para solucionar algo.

Para mediar, podemos seguir diferentes estratexias, como **adaptar a linguaxe** á idade e ao nivel da persoa que recibe a mensaxe; **engadir aclaracións** ou explicacións; traducir ou **interpretar os códigos**...

As linguas oficiais

- En España temos varias **linguas oficiais**:

- galego
- español
- éuscaro
- catalán



- O éuscaro é unha lingua un chisco diferente ás demais, pois non procede do latín.
- Tamén existen outras linguas, como o **aranés**, o **bable** ou o **leonés**.
- Todas as linguas **merecen o mesmo respecto**.

O punto e coma

O **punto e coma** emprégase para facer unha pausa mais longa ca unha coma.

Usos do punto e coma:

- Diante de **expresións** como: *polo tanto, é dicir, por exemplo, pero* ou *aínda que*, cando estas introducen oracións longas.

Hai que esperar a que veñan todos; polo tanto, comezaremos un chisco máis tarde.

- Para **separar os elementos dunha enumeración cando** algún deses elementos **xa leva coma**.

Mercaremos varias cousas: para o cámping, unha mochila cómoda, sacos de durmir e colchóns inchables; para a praia, toallas, crema protectora solar, anteollos e unhas cantas gorras.

As características do teatro

As **obras teatrais** tratan temas como o amor, batallas, enredos, humor...

Segundo o tema e os personaxes hai dúas grandes **clases de xéneros teatrais**:

- **Comedia**

Obras cómicas e divertidas que conclúen cun final feliz. Os personaxes son xente sinxela e corrente.

- **Traxedia**

Obras de asunto serio (a morte, a honra...) que adoitan ter un final desgraciado. Os seus personaxes adoitan ser históricos: reis, condes...

Os dous puntos

Os **dous puntos** poden introducir diferentes informacións.

Escribimos dous puntos:

- Diante dunha **enumeración**.
- **Tras o saúdo** nunha carta ou nunha mensaxe electrónica.
- Antes de reproducir as **palabras literais** de algo que lemos ou que dixo outra persoa.
- Nos **textos das obras de teatro, despois do nome do personaxe** que vai falar.

O complemento directo

O **complemento directo (CD)** recibe a acción do verbo non copulativo.

Está **formado por un grupo nominal (GN)**.

Cando é un nome propio pode levar a preposición *a*.

Xeralmente, pódese substituír polos pronomes *o, a, os, as; no, na, nos, nas; lo, la, los, las*.

Para **identificar un CD** dunha oración:

- Localizamos o verbo e comprobamos que non é copulativo.
- Identificamos un GN.
- Substituímos o GN por *o, a, os, as; no, na, nos, nas; lo, la, los, las*.

Redactar unha reportaxe

A **reportaxe** é un artigo xeralmente máis longo do habitual que trata **temas de interese e actualidade**.

Para escribir unha reportaxe:

1. Pensamos un tema de interese ou actualidade.
2. Buscamos información en **fontes fiables**.
3. Eliximos un **título**.
4. Redactamos a reportaxe de maneira clara, incluíndo unha **entrada**, o **desenvolvemento** e unha **conclusión**.
5. Engadimos **material gráfico**.
6. Revisamos a **ortografía** e a puntuación.

